

Valores Sociais e Cívicos

- Ler o texto e reflexionar as actividades.



O altruísmo é o contrario do egoísmo. As persoas egoístas só pensan en si mesmas, poñen os seus intereses por enriba dos dos demais e non lles importa que aos outros lles vaia peor con tal de saír eles gañando.

Os altruístas, en cambio, procuran comportarse de maneira que outros saian beneficiados e gozan especialmente cando ven contentas as persoas que hai ao seu arredor.

Este tipo de actitude máis xenerosa é moi frecuente nos pais cara aos fillos ou entre amigos, e é extraordinariamente valiosa porque fai que as nosas vidas sexan moito mellores.

O comportamento oposto é o egoísmo, que adoita producir sentimentos como a envexa e os celos, que provocan como resultado que a xente que só pensa en si mesma remate sendo máis infeliz que a que pensa nos demais. Ao revés, as persoas altruístas poden gozar dos triunfos alleos e compartir a alegría dos demais.

Así pois, ¡interesa ser altruísta, aínda que só sexa por egoísmo! Seremos máis felices se o é a xente que nos rodea, en especial aqueles aos que máis queremos.

Resulta que, ao final, o altruísmo non é exactamente o contrario do egoísmo, aínda que si son dúas actitudes moi diferentes ante a vida, unhas das cales nos achega máis á felicidade que a outra.

ACTIVIDADES



- 1 Fai dúas columnas e pon en cada unha que comportamentos e sentimentos son máis propios do egoísmo ou do altruísmo: alegría, envexa, celos, gabar, colaboración, rabia, rir, gozar, enfadarse, pegar, enganar, criticar.
- 2 Explica en que sentido se pode dicir que egoísmo e altruísmo son ou non o contrario.
- 3 Explica o seguinte pensamento do filósofo Mario Bunge:
«Ás veces somos altruístas, e outras, egoístas. Sen egoísmo non poderíamos sobrevivir, e sen altruísmo non poderíamos convivir».